



↑ Tiburón. 50 aniversario (Steven Spielberg) ESTREA 29 DE AGOSTO

NUMAX PRESENTA:

92 | AGOSTO 2025

Noites de agosto

Non saberíamos dicir que une todos estes libros, pero por distintos motivos ou sensacións parécennos que poden ser lecturas para as noites de agosto. Hai calor abafante, viaxes de introspección, evasión, desconexión, preguiza e almozos infinitos.



Agosto es un mes diabólico
Edna O'Brien

LUMEN
19,80€



A contraluz
Rachel Cusk

LIBROS DEL
ASTEROIDE
| 18,95€



La hija oscura
Elena Ferrante

LUMEN | 15,90€



Leche caliente
Deborah Levy

ANAGRAMA | 20,90€



Galicia máxica. Romarías e santuarios
Gustav Henningsen

MUSEO DO POBO
GALEGO | 20€



El derecho a la pereza
Paul Lafargue

MAIA | 8€



Derecho a la fiesta
Alberto Zanini

COLECTIVO
BRUXISTA | 23,90€




El derecho a las cosas bellas
Juan Evaristo Valls Boix

ARIEL | 18,90€



A lentitude
María do Cebreiro

CHAN DA
PÓLVORA | 16€



Cráter

Olga Novo


KALANDRAKA | 15€



El desafío del agua

Marta Lizcano Barrio


DESCONTROL | 18€



Desconexión

Roisin Kiberd

ALPHA DECAY
| 22.50€



Diario rural. Apuntes de una naturalista (Primavera- Verano)

Susan Fenimore Cooper

PEPITAS DE
CALABAZA | 22€

Horario de verán na librería

De luns a venres:
de 10:30 a 14:00 h
e de 16:00 a 19:00 h.

Sábados e domingos
a librería permanecerá
pechada

Do 14 de xullo
ao 31 de agosto de 2025

 **Lembra que podes facer o teu
pedido a través da nosa páxina
web e recoller os libros en tenda.**



Nocturama 2025
Noites de verão
no Cinema NUMAX
Do 4 ao 21 de agosto

PRAIA

4 E 13 DE AGOSTO

**O VERÁN
DE KIKUJIRO**
(Takeshi Kitano, 1999)

6 E 18 DE AGOSTO

OSTENDE
(Laura Citarella, 2011)

11 E 20 DE AGOSTO

**UN VERÁN
CON MÓNICA**
(Ingmar Bergman, 1953)

OU

PISCINA?

5 E 14 DE AGOSTO

O NADADOR
(Frank Perry /
Sydney Pollack, 1968)

7 E 19 DE AGOSTO

**PALOMBELLA
ROSSA**
(Nanni Moretti, 1989)

12 E 21 DE AGOSTO

LA CIÉNAGA
(Lucrecia Martel, 2001)

NUMAX **10**
numax.org

Filme do mes:



MATERIALISTAS ESTREA 22 AGO

Celine Song, 109', ING, VOSE

Con Dakota Johnson, Pedro Pascal

Unha casamenteira de moitísimo éxito construíu un imperio facendo que parellas perfectas rematasen xuntas. Porén, a súa vida dá un xiro inesperado cando se ve atrapada nun perigoso triángulo amoroso con dous clientes, que son irresistibles pero incompatibles. A medida que os segredos saen á luz e as paixóns se descontrolan, a súa credibilidade e negocio comezan a virse abaixo. Agora, deberá elixir entre o seu corazón e a súa reputación, antes de que a súa caótica vida sentimental arruíne o amor de quen confía nela.

Tras conquistar o noso corazón con *Vidas pasadas*, Celine Song revoluciona o drama romántico cunha obra mordaz e chea de reveladoras observacións sobre a forma en que vivimos.



Estreas



UNHA PELÍCULA INACABADA **ESTREA 1 AGO**

Lou Ye, 106', CHN, VOSE, +12

Con Huang Xuan, Eric Qin

Xaneiro de 2020. Un equipo de filmación re-únese preto de Wuhan, China, para retomar a rodaxe dun filme interrompido dez anos antes. Vivirán os inesperados desafíos da pandemia da COVID-19 e os confinamentos.

🏆 **Proxección Especial Cannes 2025**



A MIÑA SOBREMESA FAVORITA **ESTREA 8 AGO**

Maryam Moghadam, Behtash

Sanaeeha, 97', PER, VOSE

Con Lili Farhadpour, Esmaeel Mehrabi

Mahin, de 70 anos, vive soa en Teherán desde que morreu o seu marido e a súa filla se mudou a Europa. Desde a súa independencia, Mahin desafia as expectativas da súa contorna conservadora. Máis aínda cando inesperadamente coñece e empeza unha relación amorosa cun taxista chamado Faramarz.

🏆 **Sección Oficial Berlinale 2024**



AQUEL VERÁN EN PARÍS

ESTREA 8 AGO

Valentine Cadic, 77', FR, VOSE, +7

Con Blandine Maedec, India Hair

Francia, verán de 2024. En pleno apoxeo dos Xogos Olímpicos, Blandine chega a París desde Normandía para ver as competicións de natación, reencontrarse coa súa media irmá Julie despois de dez anos sen verse e coñecer a súa sobriña Alma. Afeita á tranquilidade, o ritmo frenético da cidade desorientaa.

🏆 **Mellor Filme Cinema Jove 2025**



O SEU XOGO FAVORITO

ESTREA 15 AGO

Howard Hawks, 120', ING, VOSE, 1964

Con Rock Hudson, Paula Prentiss

Roger Willoughby é un simpático e eficiente vendedor de apeiros de pesca duns grandes almacéns. Os seus clientes pensan que é un auténtico experto, xa que escribiu un manual sobre pesca con cana pero o certo é que non ten nin idea de pesca!



LA COMUNIDAD (25 ANIVERSARIO) **ESTREA 21 AGO**

Álex de la Iglesia, 107', ESP, VO, 2000

Con Carmen Maura, Emilio Gutiérrez Caba

Julia (Carmen Maura), unha muller madura que traballa nunha axencia inmobiliaria, encontra 300 millóns agochados nun piso. De seguido trasládase ao apartamento de arriba e esconde o diñeiro, pero terá que enfrontarse á arroutada comunidade de veciños.

🏆 **3 Goyas 2000**



BLUE SUN PALACE **ESTREA 29 AGO**

Constance Sang, 117', ING, VOSE

Con Lee Kang Sheng, Ke-Xi Wu

Unha súbita perda xera un vínculo inesperado entre dous migrantes da comunidade chinesa de Queens. A pesar de viviren lonxe de casa e do duro traballo que os sustenta, ambos atravesan xuntos o dó coa esperanza de atopar a súa familia.

🏆 **Premio French Touch Semana da Crítica Cannes 2024**



TIBURÓN (50 ANIVERSARIO) **ESTREA 29 AGO**

Steven Spielberg, 124', ESP, VOSE, 1975

Con Roy Scheider, Robert Shaw, Richard Dreyfuss

Nunha pequena vila, un tiburón branco ataca a varias persoas. Por temor aos nefastos efectos que poderían ter sobre o turismo, o alcalde négase a pechar as praias.

🏆 **3 Oscars 1975**



PONYO NO ACANTILADO

ESTREA 1 AGO

Hayao Miyazaki, 100', XAP, VG/VOSE, 2008

A historia céntrase en Sosuke, un rapaz de cinco anos, e a súa relación cunha princesa peixe que ansía converterse nun ser humano.



O NENO E A BESTA

PASES ÚNICOS 8-9-10 AGO

Mamoru Hosoda, 119', XAP, VE/VOSE, 2015

Kyuta é un neno solitario que vive en Tokio, e Kumatsugu é unha criatura sobrenatural illada nun mundo fantástico. Un día, o neno cruza a fronteira ao outro mundo e traba amizade con Kumatsugu, que se converte no seu guía espiritual.



OS SÚPER ELFKINS

ESTREA 15 AGO

Ute von Münchow-Pohl, 77', VE

A aventureira trasniña Elfkin, Elfie, soña cunha vida máis emocionante, onde poida combinar a súa típica vida secreta dos Elfkins coa diversión e adrenalina para desgusto dos membros máis maiores do seu clan, que queren que todo siga igual. Pero cando Elfie coñece a Bo, a súa vida dá un xiro inesperado.



HEIDI. O RESCATE DO LINCE

ESTREA 22 AGO

Toby Schwarz, Aizea Roca Berridi, 80', VE

No máis alto dos Alpes suízos, Heidi vive feliz canda ao seu avó, gozando da natureza e a liberdade da montaña. Cando recibe un convite para pasar o verán na costa, a emoción da aventura ilusionaa, pero todo muda ao atopar un lince ferido.



DAGUERROTIPOS

PASE ÚNICO 26 AGO

Agnès Varda, 80', FR, VOSE, 1976

Agnès Varda filma a rúa Daguerre, no distrito 14º de París, onde ela viviu. Filma os comerciantes, o carnicero, a panadeira, o tendeiro do ultramarinos, o perruqueiro, a súa veciñanza. Unha homenaxe, carente de artificios, á vida e ao traballo en comunidade.



FAI O QUE DEBAS PASE ÚNICO 27 AGO

Spike Lee, 120', ING, VOSE, 1989

Con Rosie Perez, John Turturro, Samuel L. Jackson

Nun dos barrios máis humildes de Brooklyn conviven comunidades afroamericanas, hispanas, vietnamitas e unha familia italoamericana. Mookie, que traballa como repartidor de pizzas, coñece ben o vecindario e é testemuña das tensións e o racismo que agroma aos poucos entre os veciños.

🏆 2 Nominacións aos Oscar 1989

Sección Oficial Cannes 1989

CENTENARIO MAURICE PIALAT

AGOSTO 2025

APROBA PRIMEIRO

PASES ÚNICOS 1-2 AGO

(86', FR, VOSE, 1978)

LOULOU PASES ÚNICOS 8-9 AGO

(105', FR, VOSE, 1980)

POLICE PASES ÚNICOS 15-16 AGO

(109', FR, VOSE, 1985)

BAIXO O SOL DE SATAN

PASES ÚNICOS 22-23 AGO

(83', FR, VOSE, 1987)

O NENO PASES ÚNICOS 29-30 AGO

(107', FR, VOSE, 1995)



NUMAX **10**
numax.org **1n**


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

  @numaxcoop

AAAAAA Agencia
GGGGGG Gráfica
